







A casa da luz

Xabier P. Docampo

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *A casa da luz*
Autor: Xabier P. Docampo
Ilustrador: Xosé Cobas
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Sopa de libros
Nº páxinas: 160
ISBN: 84-8302-884-0



O AUTOR


2

XABIER P. DOCAMPO (Rábade, 1946) deuse a coñecer como narrador en 1986 coa publicación da novela *O misterio das badaladas* e coa colección de relatos, escritos entre 1979-1984, *Cun ollo aberto e outro sen cerrar*.

Dende aquela publicou unha extensa obra literaria, que o acredita coma un dos autores máis recoñecidos da literatura infantil e xuvenil galega e da narración nacida do conto de tradición oral.

Podemos citar obras como: *A chave das noites* (1987); *A nena de auga e o príncipe de lume* (1988); *O armario novo de Rubén* (1989); *A casa do porco bravo e Roxelio e a couza* (1991); *O país durminte* (1993); *Cando petan na porta pola noite* (1994) co que acadou o Premio Rañolas ó mellor libro galego editado nese ano, o Premio Nacional de Literatura Infantil 1995 e tamén foi elixido para a Lista de Honra do IBBY en 1996; *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996); *O pazo baleiro* (1997); *¡Estampado!* (1998) e *Un conto de tres noites* (2002). *Tres cartas*, tamén da súa autoría, no que se recollen reflexións sobre a lectura e o libro en forma epistolar.

Este profesor foi tamén codirector da colección Merlín de literatura infantil e xuvenil. É recoñecida a súa experiencia como narrador oral ou contacontos.





O ILUSTRADOR

XOSÉ COBAS naceu en Logrosa, Negreira (A Coruña) en 1953. A súa afección polo debuxo naceu de neno, na escola, cando poñía en imaxes as súas aventuras nos cadernos de aritmética. Esta afección converteuse moi cedo nunha profesión que compaxinou coa ilustración de libros infantís e co deseño gráfico. Traballa dende 1991 como deseñador gráfico na Deputación da Coruña. Ten ilustrado varios libros de Xabier P. Docampo e confesa que coas súas historias lle resulta moi doado traballar.



ARGUMENTO

Alicia é unha rapaza moi traste que está saíndo dun «arresto domiciliario» cando comeza a novela. Isto é debido ó seu interese por probalo todo, o atrevemento para encarar calquera situación, o afán investigador... Estamos, polo tanto, ante unha protagonista activa, que compartirá protagonismo con dúas amigas e dous amigos cos que forma panda. Son inseparables. Están empeñados en construír unha cabana de xestas, pero non será posible ata que unha persoa especial, o Pumariño, lles axude. Nese punto, comeza unha nova e interesante amizade.


Pumariño é mudo, anda sempre vestido cun mono de traballo azul que lle van regalando os veciños e, sobre todo, é moi sensible á violencia. Sempre que alguén discute ou se pelexa, Pumariño séntese moi mal e chora. Todo ten a súa razón de ser, como lle explica o pai a Alicia: se coñecemos a historia de cada persoa poderemos comprendela. Nos tempos da guerra, á idade de cinco ou seis anos, asiste ó asasinato de seu pai e ve como cometen atrocidades coa súa nai; a partir de aí non volve falar e queda así... ¿entre tolo e parvo? Ten unha teima moi especial: fura nos valados e muros cunha axilidade tremenda, anda buscando o pucheiro de moedas de ouro que seica agachou seu pai antes de morrer, segundo lle contou un amigo del que volveu do exilio.

Desaparece a imaxe de San Paio, unha figura que está feita coa torada dunha cerdeira que tiña Pumariño na horta, e todo o mundo desconfía del pois de cando en vez metíase na igrexa a ollala. Ademais, a obsesión de Pumariño por remexer nas paredes lévaos ás das casas cando remata coas cercas. Neste punto, os veciños incomódanse e atácanos; e dende aquel día ninguén o volveu ver por Eiravedra.

A panda decide ir indagar se está ben, van á súa casopa nas aforas e descubren unha especie de museo onde este home ten ordenados en andeis unha serie de obxectos, froito das súas pescudas, e que parecen formar un tesouro. Pero os maiores segredos que desvelará serán os seus debuxos, nos que expresa todo o que non pode dicir falando. Logo, seguen a compartir segredos e promesas de silencio, e acabará levándoos á casa da luz, onde lles mostra unha morea de cadros nos que poderán entrar, compartindo así as aventuras e espazos que Duarte, o pintor, imaxinou.

A viaxe fantástica de todos eles a un destes cadros que lembra as pinturas de Escher, o encontro coa utopía ou contrautopía dun mundo de traballo e soidade, a aparición de Duarte e do pucheiro de Pumariño, a persecución por parte dos gardas de aguía e o Señor da Torre... e a volta por fin ó mundo do que partiran. Menos mal que mentres están nos cadros non pasa o tempo e ó regreso sempre poden dicir que andaban *por aí*.

Esta última novela de Docampo, recolle a aventura dunha panda de rapaces e rapazas, pero sobre todo o seu contacto co mundo da arte, coa memoria da guerra, a diferenza e a inxustiza... todo isto acabará por modificar a súa forma de estaren no mundo, o que a converterá nunha auténtica obra de iniciación.



PERSONAXES



ALICIA E PUMARIÑO, suficientemente definidos xa.

ÁLVARO é, xunto con Alicia, o máis vello e tamén o máis decidido, pero diferénciase dela en que é máis reflexivo. Ambos son conscientes da afinidade que hai entre eles e cada un é referencia para o outro.

AIDA E ALBA son unhas rapazas máis ben tranquilas e medoñentas que van a rastro dos dous primeiros, e o mesmo ocorre con Anxo. De todas formas, estas tres personaxes irán modificándose ó longo da narración, sobre todo na parte final de estadía no labirinto. O papel de Anxo engrandécese coa relación con Duarte.

4


DUARTE, o pintor, autor dos cadros da casa da luz. A través del o autor vainos explicando as súas ideas acerca da arte: as pezas como obras sempre inacabadas, a maneira na que o pintor permanece sempre dentro dos seus óleos, a utopía como a posibilidade de pintar a beleza nun mundo que non lle gusta, o feito de que observar un cadro sexa como entrar nos pensamentos do pintor ou a frase coa que se despide dos nenos *mentres vos lembredes de min é coma se estivese...*



OUTROS TEMAS E VALORES

- **Arte.** Hai unha serie de reflexións que se poden facer a partir da obra e en relación á arte, como as que referimos a continuación: Comeza o libro coa cita de Paúl Klee «A arte non reproduce o visible, fai o visible». A panda de nenos e nenas entran no mundo da arte da man de Pumariño, do individuo que se diferencia dentro da colectividade. Entre todos poden pintar o cadro que os devolva ó seu mundo, a través dun traballo conxunto.

- A *fermosura* dalgunhas imaxes visuais ou literarias: A muller da torre e ós seus pés o vento pasándolle as follas a un libro de poemas ou cando se fala das xestas de flores amarelas coma pebidas de ouro e das de flores brancas coma folerpas dunha nevarada. O que é fermoso para cada un de nós.
- A *diferencia* traballada en torno a Pumariño, esa especie de ser inocente e especial ó que o común chamará tolo ou parvo; este home que vai ó seu aire sen importarlle o que fagan ou digan os demais; o home é mudo e moi sensible á violencia. A reacción dos outros ante ese ser diferente: temor ou burla; os adultos métenlle medo ós pequenos para que non se acheguen a el. Cando lle perden o medo fan mofa del anque sexa sen mala intención. Os tolos témense, dos que non son moi listos faise chacota...
- A necesidade da *memoria*. Os pais deben contarlle ós fillos, para que á súa vez estes llo conten ós seus, qué foi o que pasou nos terribles anos da guerra civil; ese é o xeito máis seguro de evitar que se repita. Non se pode esquecer tampouco, por xustiza; hai que recordar quen fixo mal e quen o pasou mal; ter presente o trauma da guerra do mesmo xeito que temos, aínda presentes, as súas consecuencias. O coñecemento permite a comprensión, entendemos cando sabemos as causas do presente. Pumariño é así por unha serie de razóns.
- O mundo *mítico*. A busca de tesouros, pucheiros que conteñen moedas de ouro... a relación co mundo dos mouros (gardadores de tesouros) e a recreación de artistas como Cunqueiro. Pumariño vai desfacendo muros mentres busca tesouros (a herdanza do pai canteiro), dalgunha maneira o seu é un labor de liberación, de tirar torres.
- A *utopía*, o mundo do futuro que non ten por qué ser mellor; en lugar dun soño podería tratarse dun pesadelo, ese espacio labiríntico, creado polo home, no que –igual que na Idade Media– segue a haber un Señor da Torre ou uns gardas da aguia, unhas xentes que veñen de fóra a traballar, ás que lles quitaron as ás e mentres non as recuperen non poderán volver ó seu país.
- O *propio* do país, o que nos distingue, pero sobre todo aquilo que debemos salvagardar porque temos esa responsabilidade, dende a píntega galega, o acivro ou a pita do monte.
- *Novelas de iniciación*. En verbas do propio autor: *na adolescencia todos os mundos son novos, pero só se nos fan mudar, varía a nosa visión do mundo e das persoas. Se despois de vivir esas situacións non volvemos ser como antes, entón prodúcese iso que chamamos «iniciación»*. Os protagonistas xa non serán os mesmos.



ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- Tratarase de ver qué lles suxire o título e a ilustración da capa. Podemos adiantar información lendo a contraportada. É interesante que falen de se coñecen algunha outra obra deste autor, cál, qué lles pareceu... Ler a cita de Paul Klee que aparece ó principio de libro e tentar explicala entre todos. Debater acerca da arte como representación da realidade ou como realidade en si mesma.

DURANTE A LECTURA:

Podemos ir propoñéndonos unha serie de actividades mentres imos lendo o libro. Entre todas elas, elixiremos aquelas que nos parezan máis interesantes neste caso concreto.

- Ir resumindo cada capítulo.
- Ir cambiándolle os nomes se non nos parecen adecuados.
- Opinar sobre as ilustracións e abrir a posibilidade de que o alumnado poida debuxar outros momentos ou os mesmos de distinta maneira.
- Elixir a ilustración que máis nos gusta e explicar por qué.
- Descrición das personaxes. ¿Que sabemos da familia de cada un deles? Se tiveramos que definilos cun alcume, ¿cal lle porías a cada un? Se realizamos esta actividade en voz alta e entre todos, veremos como se completa a imaxe e tamén como se vai tomando partido por uns ou por outros.
- Tamén entre todos, como traballo de expresión oral, podemos ir cuestionándonos preguntas que outros deben responder (¿que trasnadas fixera Alicia? ¿por que deixa de andar por Eiravedra Pumariño?, ¿quen é Vilar de Ansede?, ¿que tipo de museo recorda a casa de Pumariño por dentro?)

Provocar unha especie de remuíño de ideas acerca do que vai xurdindo da lectura, o que pode ir dando lugar a actividades:

- Debuxar a casa de Pumariño por dentro.
- Opinar sobre a imaxe de San Paio feita cunha torada de cerdeira da horta de Pumariño que este saca da igrexa e leva de novo para o terreo. ¿Ten dereito a facelo? ¿Non o ten?
- Debater acerca da «diferencia» e as reaccións ante ela: temor, burla, desprezo...
- ¿Será inventado o nome de Eiravedra? Buscar outros semellantes. Inventar nomes de vilas.
- Entrar nun cadro é un bo recurso imaxinativo que pode dar pé a moitas historias. Busca o cadro do que che gustaría formar parte e conta esa historia.
- O tempo non sempre pasa da mesma maneira; neste caso, detense dentro dos cadros. Opinemos sobre cómo sentimos o paso do tempo.
- ¿Como cres que se representa no libro a represión? ¿E a opresión doutros pobos? ¿Que representan as ás? ¿Que significado pode ter esa chuvia de moedas de ouro provocada por Pumariño cando lle racha o pucheiro na cara ó Señor da Torre?

- Imos observando os títulos dos capítulos. Algúns deles poden prestarse a adiviñar de qué tratarán e tamén a darlle a volta e inventar unha nova historia: «A casa da luz» - «A luz da casa» e «A cidade da torre» - «A torre da cidade».
- Cando os protagonistas preguntan na cidade da torre qué hai de interesante para visitar, fálanlles dunha igrexa visigótica, un castelo e unha torre. ¿Que sorpresa lles espera en cada un destes tres lugares? ¿Que opinamos acerca disto?
- Debemos estar atentos a posibles relacións que se poidan ir establecendo entre o que lemos e outras lecturas ou outros coñecementos. Por exemplo, entrar a través dun cadro pode relacionarse con pasar a través do espello (Alicia), a escaleira da torre pode ter algo que ver coa escaleira de caracol de Andrade no mosteiro de San Domingos de Bonaval...
- Na lectura, podemos atopar textos interesantes para a ilustración, daquela non debemos dubidar en realizala, anque o debuxo pertenza a outra materia. O libro é un obxecto multidisciplinar. Por exemplo, na páxina 44: «Por iso as chaves non facían pensar en portas de edificios comúns, senón noutras que gardasen lugares fantásticos; as botellas facían lembrar o obradoiro do mesmo Merlín; os espellos reflectían imaxes dos contos maravillosos...»

Tamén dentro da plástica, poderíamos organizar a realización de cada un dos cadros que aparecen na casa da luz, e nos que van entrando Alicia, Álvaro e Anxo. ¿Seríamos capaces de buscar algún cadro real que se corresponda ou pareza ós citados? Podemos opinar sobre os estilos ós que pertencerían estes cadros e as sensacións que producen en nós... Nas entrevistas finais ó autor e mais ó ilustrador dánsenos pistas para poder achegármolos ós pintores.

DESPOIS DA LECTURA:

7

- Cando pechamos o libro, podemos reflexionar e formular, a continuación, a idea principal que se recolle no texto.
- Algún alumno ou alumna a quen lle gustara moito o libro, poderá facer unha reseña do mesmo recomendándolle a súa lectura a outros compañeiros.
- Coa mesma intención podemos pedirllles que busquen aqueles fragmentos do texto que lles lerían ou escribirían para animar a outros a ler o libro.
- Podemos comentar outros libros que teñan lido e que traten tamén sobre arte.
- Podemos, tamén, buscar algún catálogo onde poidamos ver obras de Escher e opinar sobre as sensacións que nos produce.
- Os libros de arte son, sobre todo, libros para ver, para mirar e pasar follas deleitándonos. Esta pode ser unha boa ocasión para que entren en contacto con eles.
- Esta novela ten tamén un compoñente de utopía; coma tódalas utopías contemporáneas ofrece unha visión pesimista do futuro, unha visión chea de incerteza... como podemos ver en arquetipos como *1984* de Orwell ou *Un mundo feliz* de Huxley. Para aquel alumnado que gustase deste compoñente podemos recomendarlle a lectura doutras.
- Da mesma maneira podemos recomendarlles outras novelas de iniciación, ou podemos facer que eles mesmos as busquen ou escoiten as opinións doutros compañeiros en relación a lecturas deste subxénero.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2003
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2003
Depósito legal: VG. 183-2003